



CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Todas as persoas que, durante o proceso de admisión, accedan a datos de carácter persoal e familiar do alumno/a están suxeitas ao deber de sigilo e confidencialidade sobre os mesmos (disposición adicional terceira da Orde do 21 de outubro de 2022).

IRMÁNS MATRICULADOS NO CENTRO

↪ **Requisitos:**

- › Teñen que continuar escolarizados no centro no curso escolar para o que se solicita admisión.

↪ **Puntuación: ata un máximo de 14 puntos.**

- › Polo primeiro irmán: 8 puntos.
- › Polo segundo e seguintes irmáns: 2 puntos por cada un.

↪ **Documentación acreditativa:**

- › Libro de familia ou documento equivalente. No caso das/os menores en situación de acollemento, mediante fotocopia da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Política Social.

PROXIMIDADE DO DOMICILIO FAMILIAR OU DO LUGAR DE TRABALLO

↪ **Requisitos:**

- › Ten que optarse por unha das dúas opcións que afectará a todos os centros solicitados.

↪ **Domicilio familiar:**

- › Enténdese por tal o habitual de convivencia dos membros da unidade familiar.
- › Cando os representantes legais do alumno/a teñen custodia compartida será no que figure o alumno/a solicitante. Se a custodia é exclusiva considerase domicilio familiar aquel en que figure a persoa que ten atribuída dita custodia.
- › Calquera outra casuística debe acompañarse da certificación específica expedida para o efecto.

↪ **Puntuacións:**

- › Domicilio na área de influencia: 8 puntos.
- › Domicilio nas áreas limítrofes: 4 puntos.
- › Lugar de traballo na área de influencia: 6 puntos.
- › Lugar de traballo nas áreas limítrofes: 3 puntos.

↪ **Documentación acreditativa:**

- › Domicilio familiar:
 - ⊞ Certificado de convivencia no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel e cuxa data de alta deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do proceso de admisión, excepto circunstancias debidamente xustificadas.
 - ⊞ O certificado deberá estar expedido entre o 1 de marzo do 2025 e o 28 febreiro de 2026 ou posterior e deberá indicar a data de alta que certifique unha residencia mínima dende o 1 de marzo do 2025.
 - ⊞ Este certificado cotexarase cos datos de identificación fiscal emitidos pola Axencia Estatal Tributaria.
 - ⊞ Aquelas persoas que non presenten a autorización expresa para que a Axencia Estatal de Administración Tributaria subministre a información sobre a verificación dos datos de identificación



fiscal e a súa coincidencia cos aportados no certificado do Padrón Municipal, terán cero puntos neste criterio de admisión.

- ⊞ No caso de non cumprir o criterio dun ano mínimo de residencia, os interesados deberán presentar a seguinte documentación complementaria: escritura de compravenda ou doazón, contrato de alugamento ou calquera outro título e recibos acreditativos do consumo de subministracións (auga, electricidade, gas) a nome da persoa ou persoas que solicitan a admisión.
- **Lugar de traballo:**
 - ⊞ Traballadores/as por conta allea: achega do documento expedido para o efecto pola/o empregadora/or xunto cunha copia do contrato de traballo e o informe de vida laboral.
 - ⊞ Traballadores/as por conta propia: alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Tributación, con todas as posibles modificacións posteriores e alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente.
 - ⊞ O persoal ao servizo das administracións públicas: certificación expedida pola Xefatura do persoal correspondente.

RENDA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR

↗ **Requisitos:**

- A efectos de computar a renda, terase en conta a suma da base imponible xeral (casiña 435) e da base imponible de aforro (casiña 460), na declaración de renda conxunta, ou a suma das declaracións individuais dos membros da unidade familiar, correspondentes ao ano 2024, dividida entre o número de membros da unidade familiar computables a 1 de marzo de 2026.
- Para a aplicación da puntuación utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) de 2024: 7200 €.
- As/os solicitantes poderán autorizar a consulta automática dos datos de renda anual *per cápita* de unidade familiar dos que dispón a administración pública.
- De non darse esta autorización, será necesario presentar a documentación xustificativa pertinente.

↗ **Puntuación:**

- Ingresos inferior a 0,5 veces IPREM: 3 puntos
- Ingresos igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces IPREM: 2 puntos
- Ingresos igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM: 1 punto
- Ingresos igual ou superior ao IPREM: 0 punto

↗ **Documentación acreditativa:**

- Terase en conta a renda da unidade familiar correspondente ao exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude (Renda 2024)
- A unidade familiar está integrada polas persoas proxenitoras/titoras/acolledoras non separados legalmente ou parellas de feito debidamente inscritas no Rexistro de parellas de feito de Galicia e, se os houber, por:
 - ⊞ Fillas e fillos menores de idade.
 - ⊞ Fillas e fillos maiores de idade incapacitadas/os.
 - ⊞ Fillas e fillos menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
 - ⊞ A persoa que por novo matrimonio, unión de feito ou relación análoga, convive no domicilio familiar coa persoa proxenitora agás nos casos de custodia compartida.
- Nos casos de separación, nulidade ou divorcio, entenderase por unidade familiar:
 - ⊞ Con custodia compartida: as persoas proxenitoras e os seus descendentes comúns.



- ⏏ Con custodia exclusiva: a persoa que teña dita custodia, os fillos suxeitos á mesma e, de ser o caso, o novo conxuxe ou persoa unida por análoga relación á proxenitora. Non se inclúe á outra persoa proxenitora.

SER TRABALLADOR/A DO PROPIO CENTRO

↪ **Requisitos:**

- › Que exista un vínculo mediante contrato de traballo, relación funcional ou asimilada. A puntuación non será acumulable no caso de que os dous titores legais traballen no centro.

↪ **Puntuación:**

- › Por ser o pai/nai/titor legal traballador/a do centro: 3 puntos.

↪ **Documentación acreditativa:**

- › Realizada polo propio centro, incorporando ao expediente a documentación que proceda.

FAMILIA NUMEROSA

↪ **Puntuación:**

- › Familia numerosa de categoría especial: 3 puntos.
- › Familia numerosa de categoría xeral: 2 puntos.

↪ **Documentación acreditativa:**

- › As/os solicitantes poderán autorizar a consulta automática deste requisito por parte da administración pública.
- › De non darse esta autorización, será necesario presentar fotocopia do título oficial en vigor ou do carné familiar galego expedidos pola Consellería de Política Social, ou copia da solicitude de recoñecemento ou renovación.

IRMÁNS NADOS DUN PARTO MÚLTIPLE

↪ **Requisitos:**

- › Teñen que solicitar escolarización no mesmo centro.

↪ **Puntuación:**

- › Dous irmáns: 8 puntos.
- › Máis de dous irmáns: 10 puntos.

↪ **Documentación acreditativa:**

- › Libro de Familia ou documento equivalente. No caso das/os menores en situación de acollemento, mediante fotocopia da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Política Social.

FAMILIA MONOPARENTAL

↪ **Requisitos:**

- › Para a consideración de familia monoparental terase en conta que reúna os requisitos que determina o artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.



Enténdese por familia monoparental a composta por un único proxenitor/a que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos/as menores ao seu cargo.

↗ **Puntuación:**

- › Condición de familia monoparental: 2 puntos.

↗ **Documentación acreditativa:**

- › Certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.

DISCAPACIDADE

↗ **Requisitos:**

- › Puntuarase a discapacidade (recoñecida antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes) en grado igual ou superior ao 33%. Terá a mesma consideración a percepción dunha pensión da SS por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou pensión de Clases Pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

↗ **Puntuación: ata un máximo de 4 puntos.**

- › Discapacidade do alumno/a: 4 puntos.
- › Discapacidade dunha/un das/dos proxenitoras/es ou titoras/es legais: 3 puntos.
- › Discapacidade dos irmáns: 1 punto por cada un deles.

↗ **Documentación acreditativa:**

- › As/os solicitantes poderán autorizar a consulta automática da discapacidade por parte da administración pública. De non darse esta autorización, certificación do grao de discapacidade expedido pola Consellería de Política Social.
- › Xustificante de cobro dunha pensión da Seguridade Social.

VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

↗ **Requisitos:**

- › Condición de vítima de violencia de Xénero de calquera dos membros computables da unidade familiar.

↗ **Puntuación:**

- › 2 puntos.

↗ **Documentación acreditativa:**

- › Documento que acredite dita condición conforme o previsto na normativa vixente. (recollida no artigo 5 da Lei 11/2007 do 7 de xullo).

VÍTIMA DE TERRORISMO

↗ **Requisitos:**

- › Condición de vítima de terrorismo de calquera dos membros computables da unidade familiar.

↗ **Puntuación:**



- › 2 puntos.

⇨ **Documentación acreditativa:**

- › Documento que acredite dita condición conforme o previsto na normativa vixente.

 **CRITERIO COMPLEMENTARIO DO CENTRO**

⇨ **Requisitos:**

- › O domicilio familiar ou laboral cando este coincida coa Zona de influencia nº 11 do mapa de escolarización do concello de A Coruña.

⇨ **Puntuacións:**

- › Criterio complementario de centro: 1 punto.

⇨ **Documentación acreditativa:**

› Domicilio familiar:

- ⊞ Certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel e cuxa data de alta deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do proceso de admisión, excepto circunstancias debidamente xustificadas.
- ⊞ O certificado deberá estar expedido dentro do ano natural ao que corresponda o proceso de admisión.

› Lugar de traballo:

- ⊞ Traballadores/as por conta allea: achega do documento expedido para o efecto pola/o empregadora/or xunto cunha copia do contrato de traballo e o informe de vida laboral.
- ⊞ Traballadores/as por conta propia: alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Tributación, con todas as posibles modificacións posteriores e alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente.
- ⊞ O persoal ao servizo das administracións públicas: certificación expedida pola xefatura do persoal correspondente.

 **CRITERIOS DE DESEMPATE**

⇨ **En caso de empate na puntuación final, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios de desempate:**

- › Existencia de irmás ou irmáns matriculadas/os no centro.
- › Proximidade do centro ao domicilio familiar ou laboral.
- › Renda anual *per cápita* da unidade familiar.
- › Persoa proxenitora, titora ou acollidora que traballe no centro.
- › Condición de familia numerosa.
- › Irmán nados de parto múltiple.
- › Condición de familia monoparental.
- › Concorrenza de discapacidade ou percepción de pensión.
- › Vítima de violencia de Xénero.
- › Vítima de terrorismo.
- › Criterio complementario.

De manterse o empate resolverase en base ao procedemento recollido no artigo 34 da Orde do 21 de outubro de 2022.